



UNIVERSIDADE
DE VIGO

REGULAMENTACIÓN DA FIGURA DE LECTOR DE IDIOMAS ESTRANXEIROS

- 1.- A Universidade de Vigo poderá contratar Lectores como parte do persoal das áreas de coñecemento das linguas modernas e estranxeiras.
- 2.- A súa titulación será equivalente ó título de Licenciado, Enxeñeiro ou Arquitecto dependendo do centro onde deba impartir a docencia.
Será falante nativo e a súa nacionalidade corresponderá a un país onde sexa oficial esa lingua estranxeira e deberá posuir un dominio suficiente alomenos dunha das linguas oficiais da Universidade.
- 3.- Terán un contrato laboral como máximo de 1 ano prorrogable por outro e unha retribución equivalente ás dos Asociados Tipo 2. Rematado o período contractual, producirase automaticamente a denuncia do contrato, sen que derive da mesma ningún compromiso para a Universidade de Vigo.
- 4.- Impartirán un máximo de 12 horas semanais de docencia práctica supervisada e dirixida por os responsables da correspondente docencia teórica. En ningún caso impartirán clases teóricas. Estarán disponibles para consulta dos alumnos durante 6 horas semanais e a súa permanencia total na Universidade será de 37,5 horas/semana. Asistirán ó coordinador na corrección dos traballos prácticos dos alumnos e na vixiancia do laboratorio de idiomas. Formará parte do Consello do Departamento, dispoñendo dos medios de estudio e investigación nas mesmas condicións que calquer membro do mesmo.
- 5.- Os concursos públicos de selección de lectores serán resoltos por unha comisión de cinco membros da área de coñecemento, completada en áreas afíns se fose necesario, e elixida en Consello de Departamento. Os criterios de valoración serán establecidos pola propia comisión e enviados á Comisión de Docencia coa solicitude da praza. Unha vez aprobados por esta remitiranse ó Departamento para que os faga públicos xunto coa convocatoria.

DILIXENCIA para facer constar que na sesión da Xunta de Goberno celebrada con data 2 de xullo de 1996, pendente de rematar, aprobouse no punto 3 a "Normativa pola que se determinan as bases xerais das convocatorias de concurso para a selección de persoal docente interino e contratado da Universidade de Vigo".



Vigo, 3 de xullo de 1996
Secretario Xeral,

Xosé Luís Legido Soto